



Visita a exposición a través dun itinerario alternativo e lúdico

XOGO DE HUMOR PREGUNTAS LÍQUIDO

Instrucións do xogo

1. O xogo está pensado para todas as idades. As crianzas menores de 12 anos deben ir acompañadas por persoas adultas.
2. É importante ler os enunciados amodo até o final para comprender o que se nos pide.
3. Temos que seguir as pistas por orde e para poder pasar á seguinte, hai que resolver a anterior.
4. As solucións ás pistas están ao final desta folla.
5. Se tedes algunha dúbida sobre a exposición podedes preguntar ao persoal do Auditorio.

Lembrede que estamos nun espazo no que pode haber máis xente vendo a exposición, facede a actividade sen correr e sen berrar para non molestar ao resto de persoas.



Xogamos!

PREGUNTA 1

Desde ben neno Xaquín Marín gustaba de pintar e debuxar. Aprendeu pola súa conta e converteuse nun pintor que tanto pintaba cadros sobre lenzo, como viñetas en papel. De todos os cadros que temos aquí expostos, cal é o primeiro que pintou?

PREGUNTA 2

No resto da súa pintura, Xaquín Marín expresa a necesidade de espertar conciencias, tal como fará despois nas súas bandas deseñadas. *Ratas* é o seu primeiro álbum de cómic individual publicado pero antes xa publicara outro de forma conxunta. Cal é ese cómic?

PREGUNTA 3

Para as súas críticas e reflexións, Xaquín Marín creou varios personaxes que se repiten moito ao longo da súa obra. Un deles viste pantalón curto e boina negra e leva un tiracroios. De quen falamos?

PREGUNTA 4

Outro destes personaxes, creados por Xaquín Marín, sempre leva boina, lentes e bastón, e caracterízase polo uso da ironía para reflexionar sobre o mundo que o rodea. Quen é?

PREGUNTA 5

Que outros personaxes creou Xaquín Marín?

PREGUNTA 6

Despois da banda deseñada, Xaquín Marín axiña pasa á viñeta humorística, coa que activa as nosas neuronas, facéndonos pensar sobre multitude de asuntos e onde utiliza a ironía e a retransca como ferramenta de crítica. Unha das cousas que máis lle preocupa é o pouco que se fala en galego. Hai dúas viñetas nesta sala nas que ironiza sobre a lingua galega, búscasas.

PREGUNTA 7

Outra das facetas nas que destaca Xaquín Marín é a de cartelista. Fixo carteis para moitas festas diferentes e tamén para moitas reivindicacións. Serás quen de atopar o cartel que fixo para loitar polo uso do galego?

PREGUNTA 8

A Xaquín Marín tamén lle preocupa moito o coidado da Terra e do medio ambiente, por iso fixo un cartel para o ano mundial do medio ambiente. En que ano fixo ese cartel?

PREGUNTA 9

Se te fixaches, Xaquín Marín intenta facernos pensar sobre cousas importantes nas súas viñetas pero tamén quere facernos rir porque para el o humor é moi importante, tanto que promoveu a creación do primeiro Museo do Humor do estado. En que concello se atopa este museo? Busca nos seus carteis, aquí temos un exposto que fixo para a inauguración deste museo!

PREGUNTA 10

A partir de 1989, Xaquín Marín comeza a crear viñetas de maior formato, con maior coidado na composición e na técnica. Parece que está aplicando o aprendido da pintura ás súas viñetas. Miraas con calma e elixe a túa favorita, de seguro que atoparás cousas ben curiosas.

Solucións

Resposta 1: *Uno de vosotros me traiciona*. Fene, 1966. Oleo sobre taboleiro. Resposta 2: *Viaxes* é, non só, o primeiro cómic publicado por Xaquín Marín xunto ao seu amigo e artista Raimundo Patiño, senón que tamén é o primeiro álbum de cómic galego. Resposta 3: Gaspariño é o personaxe que buscabas! O neno do rural que fala sobre as inxustizas, tan presentes na obra de Xaquín Marín. Resposta 4: Isoliño é outro dos personaxes de Xaquín Marín, que se apoia na retransca e na ironía para criticar os diferentes problemas sociais cos que se vai atopando nun mundo, pare el, incomprendible e insoporrible. Resposta 5: O pé, os smagados, Lixandre, os xinetes, Caltano, a muller con monillo no lombo, Toncecho, D. Augusto... Todos fillos dun mesmo pai ao servizo dun discurso de crítica social e reflexión. Resposta 6: Viñetas: "Ya puedo guardar las letras gallegas hasta el año que viene" e "Ya vienen ahí las letras gallegas... ¿Dónde, dónde?". Resposta 7: Cartel: *Fofo us público e oficialización da lingua galega*. Resposta 8: En 1987 Xaquín Marín pintou o cartel do Ano Mundial do Medio Ambiente para o Consello Municipal do Ensino de Narón. Resposta 9: O Museo do Humor situábase en Fene e foi inaugurado en 1984. Xaquín Marín foi o seu fundador e exerceu como director durante 25 anos. Resposta 10: Xaquín Marín ten unha forma de pintar moi fácil de recoñecer. Agora seguro que saberás identificar un debuxo seu cando o vexas. Agardamos que gostaras moito da visita!